

4 de novembro
Día da Ciencia en Galego

$$E=Mc^2$$

ASOCIACIÓN
AISNE
ISAAC NEWTON

FACULTADE DE FÍSICA

Ciclo Física en Compostela: investigando
Día da Ciencia en Galego

3 Novembro 2011

Aula Magna

19:00 h.

Recreando os primeiros instantes do Universo no LHC
(o proxecto Hot and Dense QCD in the LHC era)

Carlos Salgado

(Dep. de Física de Partículas e IGFAE)

O Large Hadron Collider do CERN, en Xenebra, a maior instalación científica da humanidade, pretende dar resposta a algunhas das cuestións máis fundamentais sobre a natureza física do Universo. Con esta fin, foi deseñado para explorar a fronteira de enerxía, acelerando protóns e núcleos atómicos ás velocidades máis grandes nunca antes acadadas en experimentos.

Falaremos de algunhas destas cuestións fundamentais, en especial as referidas a Cromodinámica Cuántica (QCD) que describe a interacción forte. A QCD foi definida por Frank Wilczek como a nosa teoría física máis perfecta, en parte porque o seu aspecto sinxelo agocha unha plétora de fenómenos emerxentes.

Ademáis dos aspectos puramente científicos, falaremos tamén de como se levan a cabo estas investigacións na práctica, como é o día a día da nosa investigación na Facultade de Física de Santiago e a nosa relación co CERN e con outros grupos internacionais.

20:00 h.

O experimento LHCb (documental oficial)
Big-Bang no LHC (vídeo)